



## Datos Do Expediente:

|   |  |
|---|--|
| PROCEDEMENTO ABERTO   |  |
| Unidade Tramitadora:  |  |
| Promocion e Emprego – MTAV  |  |
| Número expediente:  | Documento:   |
|  CON/2024/11 |  EMP18I00K4 |
| 6F09 1Y5U 3X11 3K5B 0T15  |  |
|              |  |

Asunto: Informe de valoración do perfil do profesorado e melloras (criterios avaliados automaticamente) presentadas para a realización do Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

Destinatario: Departamento de Contratación + expediente

A funcionaria municipal que subscribe, xefa do servizo Servizo Sociocomunitario municipal, en relación có asunto de referencia, emite o seguinte informe:

### **1.Contexto e antecedentes**

Tense en conta o contexto e antecedentes recollidos no expediente de contratación CON/11/2024 para a contratación do servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

Examinouse o perfil do profesorado da única empresa que se presentou e continúa no procedemento de licitación, ANPIDRIVER, SL (CIF B70229794) e procedeuse a puntuala aplicando os criterios de avaliación recollidos no informe sobre os criterios de adxudicación e no prego técnico e administrativo

### **2.Normativa aplicable**

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación do servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

Prego de prescricións técnicas para a organización e desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

### **3.Valoración:**

Para esta valoración se teñen en conta os seguintes elementos:

- a) Perfil do profesorado. Puntuación máxima 15 puntos

Para avaliar a cualificación e experiencia do perfil profesional adscrito á execución do contrato, teranse en conta os seguintes criterios e puntuacións, a excepción do perfil mínimo esixido para ser docente, que non será avaliado neste proceso. A través do Anexo II cuberto, obtemos a seguinte información (aínda que presenta outro Anexo II, cun perfil para os módulos transversais, non se ten en conta, xa que na programación das accións formativas non se realiza ningún módulo transversal):

| Perfil do profesorado   | (ata puntos) 15 | Empresa presentada: ANPIDRIVER, SL | Puntuación   |
|---|-----------------|------------------------------------|--|
| Experiencia profesional na especialidade a impartir. Puntuarase 0.10 puntos por cada 30 días traballados ata un máximo de 4 puntos. Non se valorarán fraccións inferiores aos 30 días.  | Ata 4 puntos    | Presenta: 2.920 días               | Puntuación máxima: 4 puntos <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 puntos</li> </ul> |
| Experiencia docente na especialidade a impartir, de forma presencial, nos últimos cinco anos. Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas impartidas ata un máximo de 4 puntos. En caso de coincidir a experiencia laboral e a experiencia docente só se valorará a docente. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20 | Ata 4 puntos    | Presenta: 2.920 horas              | Puntuación máxima: 4 puntos <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 puntos</li> </ul> |
| Formación recibida na especialidade a impartir. Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20  | Ata 1 punto     | Presenta: 2.920 horas              | Puntuación máxima: 1 punto <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 punto</li> </ul>   |
| Formación recibida relacionada coa formación de formadores. Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 2 puntos. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20   | Ata 2 puntos    | Non presenta                       | Puntuación máxima: 2 puntos <ul style="list-style-type: none"> <li>• 0 puntos</li> </ul> |
| Formación recibida relacionada coa formación en plataformas de teleformación e teletutoría. Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20  | Ata 1 punto     | Non presenta                       | Puntuación máxima: 1 punto <ul style="list-style-type: none"> <li>• 0 puntos</li> </ul>  |
| Formación recibida relacionada coa formación en   | Ata 1 punto     | Non presenta                       | Puntuación máxima: 1 punto   |



|   |                  |                        |  |
|---|------------------|------------------------|--|
| igualdade.<br>Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.<br>A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20   |                  |                        | <ul style="list-style-type: none"><li>• 0 puntos</li></ul>                               |
| Formación recibida relacionada coa formación en sensibilización medioambiental.<br>Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.<br>A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20          | Ata 1 punto      | Non presenta           | Puntuación máxima: 1 punto<br><ul style="list-style-type: none"><li>• 0 puntos</li></ul> |
| Formación recibida relacionada coa formación en inserción laboral e orientación laboral.<br>Puntuarase 0.10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.<br>A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20 | Ata 1 punto      | Non presenta           | Puntuación máxima: 1 punto<br><ul style="list-style-type: none"><li>• 0 puntos</li></ul> |
| <b>Total</b>  | <b>15 puntos</b> | <b>Total: 9 puntos</b> |  |

b) MELLORAS. Puntuación máxima 25 puntos

Non presenta

#### **4.Conclusiones**

ANPIDRIVER, SL, acada a puntuación total de 9 puntos